



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**ASUNTO: expedición de títulos universitarios oficiais de alumnos falecidos.**

Ante a diferente casuística que se presenta respecto da posibilidade da entrega aos seus familiares, dos títulos universitarios oficiais de alumnos que faleceran despois de completar os estudos necesarios para a obtención do título, sen ter solicitada a súa expedición, este servizo realizou unha consulta ao Ministerio de Educación que informou favorablemente, sempre que se cumpra cos requisitos formais que esixe a normativa vixente.

Tendo en conta o RD.1002/2010, de 5 de agosto para expedición de títulos universitarios oficiais, así como o citado informe, comunícolle que os familiares dos alumnos que se atopen nesta circunstancia, poderan solicitar o título cos requisitos formais que se esixen e que se relacionan a continuación:

- Solicitud de expedición e aboamento da taxa correspondente
- Acreditación da condición de familiares
- Autorización por parte do reitor
- Dilixencia na que se deixe constancia: "título inválido por falecemento do titular"

O que lle comunico para os efectos que procedan.

A Coruña, 15 de decembro de 2010  
Xefe do Servizo de Organización Académica

Víctor Manuel Cabrera Sánchez